



BOP

LUNS, 30 DE MARZO DE 2024

N.º 072

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

BARREIROS

Anuncio

LISTA PROVISIONAL DE ADMISIÓN E EXCLUSIÓN DO PROCESO SELECTIVO DE PERSOAL LABORAL FIXO, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, QUENDA LIBRE, DE CATRO AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR (OEP 2022 E OEP 2025).

Examinada a documentación presentada polas persoas aspirantes ao proceso selectivo para cubrir catro prazas de Auxiliar de Axuda no Fogar como persoal laboral fixo, mediante concurso-oposición, quenda libre, de acordo coas bases aprobadas e publicadas no BOP do 14 de xaneiro de 2026, apróbase a seguinte lista provisional de admisións e exclusións:

ADMISIÓN:

APELIDOS E NOME	DNI
ALVAREZ MARTINEZ, MARTA	***5231**
ALVAREZ VAZQUEZ, NAZARET	***9258**
ARANGO ROCHA, MARIA CARMEN	***9498**
BARREIRO LAMAS, LAURA	***8662**
BARROS MESQUITA, JOANICE	***5371**
CANDIA RIVAS, MARIA REMEDIOS	***4966**
CASTOSA VEIGA, REMEDIOS	***2523**
CLAVIJO BALLADARES, VILMA ARACELY	***8232**
COUTO LONGARELA, MARIA ANGELICA	***8261**
DIAZ AMARIS, NAYIBIS COROMOTO	***0583**
FAUSTINO SOARES, PAULA CARINA	***9526*
FERNANDEZ VAZQUEZ, VANESSA	***4237**
GARCIA DABLANCA, MONTSERRAT	***9599**
GOAS CAYON, MARIA PILAR	***1058**
GONZALEZ FRANCO, AROA	***9082**
JOSE DE ALMEIDA, EDILENE	***2578**
LOPEZ COTARELO, MARIA TERESA	***3628**
LOPEZ GARCÍA, MARIA BEGOÑA	***3404**
LOPEZ RODRIGUEZ, MARIA JOSÉ	***9258**
MARRUBE DIAZ, PATRICIA	***3800**

MENENDEZ MARIÑO, REBECA	***8002**
MESQUITA DE JESUS, IVONILDA	***2574**
MURIAS LAMAS, ESTIBALIZ	***8113**
PEREZ SANTOMÉ, MARIA INES	***9249**
RODRIGUEZ CASAS, ANGELA DANIELA	****7496*
DA SILVA DA SILVA, VALERIA	***4264**
SUAREZ FERNANDEZ, SONIA	***1715**
TASCON LARRAHONDO, LAURA VANESSA	***5496**

EXCLUSIÓNS:

APELIDOS E NOME	DNI	CAUSA DA EXCLUSIÓN	SUBSANABLE
BERMUDEZ RIAL, MARIA ISABEL	***9470**	Non acredita ningunha das titulacións esixidas (solo módulos parciais de competencias, pero non o certificado de profesionalidade esixido).	SI
GOMES ALVAREZ, SHEILA ALEXANDRA	***2213**	Non presenta certificado de profesionalidade, solo certificado dun Obradoiro de Emprego.	SI
DE MESQUITA, IVONI	****8492*	Non presenta certificado de profesionalidade, solo xustificante de telo solicitado	SI
RIBEIRO VAZ, ROSA MARIA	****4848*	Non presenta ningunha das titulacións que dan acceso proceso selectivo	SI
VEIGA GINZO, MARGARITA	***2590**	Non presenta certificado de profesionalidade, solo xustificante de telo solicitado	SI

As persoas aspirantes omitidas en dita relación disporán dun prazo de dez días naturais contados a partir da publicación deste anuncio no BOP, para presentar reclamación ou subsanar os defectos que motivaron a súa omisión nesta relación. Se no dito prazo non se subsanan os defectos serán definitivamente excluídas da realización das probas.

No caso de non presentarse alegacións ou subsanacións, a lista provisional elevaráse a definitiva.

A Resolución pola que se aprobe a lista definitiva publicárase do mesmo xeito que a provisional, determinando así mesmo o lugar, data e hora de comezo das probas selectivas e composición do tribunal, e será determinante dos prazos a efectos de posibles impugnacións ou recursos.

Barreiros, 25 de marzo de 2026.- A alcaldesa, Ana Belén Ermida Igrexas.

R. 0787

FOLGOSO DO COUREL*Anuncio*

Faise público que por **Decreto da Alcaldía do Concello de Folgoso do Courel nº 2026-0059** resultaron aprobadas a convocatoria e as bases de selección para o acceso a unha praza auxiliar do servizo de axuda no fogar (OEP 2025), pertencente ao cadro de persoal laboral fixo do Concello, a cubrir polo sistema de oposición, en quenda libre.

BASES POLAS QUE SE REGULA O PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO A UNHA PRAZA AUXILIAR DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2025)**PRIMEIRA.- NORMAS XERAIS.****1.1.- OBXECTO.**

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do **Proceso selectivo para o acceso a unha praza auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar (OEP 2025)**.

Dita praza foi incluída na Oferta de Emprego Público aprobada por DECRETO de Alcaldía de data 20/11/2025 e nº 2025-0383 (BOP Núm. 277 - martes, 2 de decembro de 2025).

As funcións que corresponden ás prazas convocadas regúlanse no **ANEXO II** das presentes bases.

1.2.- NORMATIVA APLICABLE.

Este proceso regúlase polo previsto nas presentes bases, e, no non contemplado por elas, polo disposto nas seguintes normas:

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outono, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).
- Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (LEPG).
- Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outono, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores (TRLET) .
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia (LALG).
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do Traballo en Igualdade das Mulleres de Galicia.
- Lei 39/2015, de de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRJSP).
- Con carácter supletorio e no que non se opoña á LEPG, tamén aplicárase o Decreto 95/1991, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia; e, no non previsto nel, o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.
- Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo de persoas con discapacidade.
 - Orde PRE/1822/2006, de 9 de xuño, pola que se establecen os criterios xerais para adaptación dos tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

1.3.- SISTEMA SELECTIVO.

O sistema selectivo será o de **oposición libre**.

1.4.- PUBLICIDADE.

As presentes bases e a convocatoria do proceso selectivo publicaranse integramente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello do Folgoso do Courel: <https://folgosodocourel.sedelectronica.es/info.0>; debendo publicarse tamén un extracto das mesmas no Boletín Oficial do Estado (BOE) e no Diario Oficial de Galicia (DOGA).

O resto das publicacións a que se faga referencia serán publicados na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello.

SEGUNDA.- REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES PARA PARTICIPAR NO PROCESO.

Para ser admitidas a participar no presente proceso de selección, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos referidos ao último día de prazo de presentación de instancias e mantelos ata o momento da formalización do correspondente contrato de traballo (56 do TREBEP 50 e 52 da LEPG):

- a) Ter a nacionalidade española. Tamén poderán participar nestas probas os nacionais doutros Estados nos termos do artigo 52 da LEPG.
- b) Non padecer nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das correspondentes funcións.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non ter sido separado do servizo ou despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos Órganos Constitucionais ou Estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desenvolvemento de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratara de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía. No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.
- e) Estar en posesión do título de formación profesional de grao medio de atención socio-sanitaria ou equivalente, regulado no Real Decreto 496/03, de 2 de maio, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención socio-sanitaria a persoas no Fogar ou equivalente. Considerase equivalente as seguintes titulacións:

- O título de técnico/a en Coidados Auxiliares de Enfermería establecidos polo Real decreto 546/1995, do 7 de abril, ou os títulos equivalentes de técnico/a Auxiliar Clínica, técnico/a Auxiliar Psiquiatría e técnico/a Auxiliar de Enfermería que se establecen no Real decreto 777/1998, do 30 de abril, ou no seu caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.
 - O título de técnico/a en Atención a Persoas en Situación de Dependencia, regulado polo Real decreto 1593/2011, do 4 de novembro, ou o título equivalente de técnico/a en Atención Socio-sanitaria, establecido polo Real decreto 496/2003, do 2 de maio, ou no seu caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.
 - O título de técnico/a superior en Integración Social, establecido polo Real decreto 1074/2012, do 13 de xullo, ou o título equivalente de técnico/a superior en Integración Social establecido no Real decreto 2061/1995, do 22 de decembro, para aqueles profesionais que á data de publicación do dito Acordo do 19 de outubro de 2017, se atopen traballando na categoría profesional de asistente/a persoal ou auxiliar de axuda no fogar.
 - O certificado de profesionalidade de Atención Socio-sanitaria a Persoas no Domicilio, regulado polo Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, ou o equivalente certificado de profesionalidade da ocupación de auxiliar de axuda no fogar, regulado no Real decreto 331/1997, do 7 de marzo, ou no seu caso, calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.
 - O certificado de profesionalidade de Atención Socio-sanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais, regulado polo Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, ou no seu caso, calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.
- f) Estar en posesión do permiso de conducir tipo B en vigor e dispoñer de medios propios para desprazarse aos fogares dos usuarios
- g) Acreditar o coñecemento da lingua galega do nivel CELGA 2 ou certificado de validación das materias de lingua galega, de acordo co previsto na Orde do 16 de xullo de 2007 modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega. As persoas aspirantes que non presenten esta acreditación deberán realizar a proba de lingua galega prevista na Base 6ª.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do tribunal que algunha das persoas aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, logo da audiencia da persoa interesada, deberá propoñer á Alcaldía - Presidencia da Corporación a súa exclusión, indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

TERCEIRA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes para tomar parte no proceso de selección axustarase ao **modelo normalizado** que figura como **ANEXO I** ás presentes bases, e a súa presentación comportará a aceptación incondicional do contido das mesmas por parte da persoa interesada. Non serán admitidas as solicitudes presentadas nunha forma distinta á indicada, de conformidade co artigo 66.6 da LPAC. Este modelo normalizado porase a disposición dos/as aspirantes tanto nas dependencias municipais coma na sede electrónica do Concello.

As solicitudes presentaranse, debidamente cubertas, no Rexistro Xeral do Concello ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da LPAC, no prazo de **vinete (20) días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE)**. A presentación de solicitudes fora deste prazo implicará a inadmisión das mesmas.

Xunto coa **solicitud**, todo interesado deberá achegar a seguinte documentación:

1. Copia autenticada ou fotocopia (que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa) do DNI, pasaporte, ou, no caso de persoas aspirantes estranxeiras, dos documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
2. Copia autenticada ou fotocopia (que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa) da titulación esixida.
3. Copia autenticada ou fotocopia (que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa) do carné de conducir tipo B.
4. No seu caso, copia autenticada ou fotocopia (que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa) da documentación acreditativa do coñecemento da lingua galega.

As persoas aspirantes quedan vinculadas aos datos que fixesen constar nas súas solicitudes.

CUARTA.- ADMISIÓN DE PERSOAS ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución mediante a cal aprobará a listaxe provisional de persoas admitidas e, se é o caso, excluídas. Dita resolución publicárase tanto na sede electrónica coma no taboleiro de anuncios do Concello.

No caso de que existan exclusións, na resolución indicárase a causa da exclusión e concederáse un prazo de dez (10) días hábiles para que as persoas interesadas poidan emendar os defectos que motiven a exclusión.

Rematado este prazo, pola Alcaldía ditarase nova resolución coa listaxe definitiva de persoas admitidas e no seu caso excluídas, que deberá publicarse nos mesmos lugares que a listaxe provisional.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas, non prexulga que se recoñeza ás persoas participantes a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando do contido dos documentos presentados se desprenda que non posúen algún dos requisitos decaerán de todos os seus dereitos no procedemento selectivo.

Contra a resolución que aprobe a listaxe definitiva as persoas interesadas poderán interpoñer, ben recurso potestativo de reposición diante da Alcaldía no prazo de un mes a partir do día seguinte ao da publicación, ben recurso contencioso - administrativo perante o xulgado do contencioso - administrativo, no prazo de dous meses a partir do día da publicación da mesma, todo elo de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. No caso de interposición do recurso de reposición, deberase esperar a que este se resolva e notifique, ou ben a que poida ser entendido como desestimado en virtude de silencio. Non obstante o anterior, os interesados poderán presentar calquera outro recurso que estimen procedente en defensa dos seus dereitos e intereses

QUINTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O tribunal cualificador acomodárase ao establecido nos artigos 60 e 61 do TREBEP e estará integrado por cinco membros titulares e un mesmo número de suplentes nomeados por resolución de Alcaldía coa seguinte composición: un presidente, tres vogais e un secretario.

Na composición do tribunal tenderase á paridade entre homes e mulleres, e tódolos seus integrantes deberán contar con titulacións ou especializacións iguais ou superiores ás esixidas para as prazas que se convoca.

Non poderán formar parte dos tribunais as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.

A composición do tribunal publicarase na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requirirase a asistencia do presidente e do secretario ou daqueles que legalmente os substitúan.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou convinte. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

Os membros do tribunal así como os asesores ou colaboradores que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orde nas mesmas.

Os seus acordos poderán impugnarse polas persoas con lexitimación nos supostos e nos prazos establecidos na LPAC.

SEXTA.- COÑECEMENTO DO GALEGO.

O artigo 51 da LEPG establece que nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das Entidades Locais de Galicia incluírase un exame de galego, agás para aquelas persoas aspirantes que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente.

Así pois, aquelas persoas aspirantes que non poidan acreditar posuír con anterioridade ao día en que remate o prazo de presentación de solicitudes o CELGA 2, deberán realizar unha proba de galego que consistirá na tradución nun tempo máximo de 1 hora dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán, sendo necesario para superar esta proba obter o resultado de apto. Este exercicio será de carácter obrigatorio e eliminatorio.

Na mesma resolución pola que se aprobe a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas sinalárase o día e hora de celebración de devandita proba, a cal terá lugar na Casa do Concello de Folgoso do Courel.

SÉTIMA.- SISTEMA SELECTIVO.

A fase de oposición consistirá na realización dun **único exercicio** obrigatorio e eliminatorio estruturado en dúas partes, sendo necesario, a-lo menos, obter unha puntuación de 25 puntos para telo superado.

Primeira parte (máximo 20 puntos).

Consistirá en contestar un cuestionario tipo test de 20 preguntas relacionadas coas materias recollidas no temario que se contén no **ANEXO III** das presentes bases. Por cada resposta ben contestada outorgarase unha puntuación de un (1) punto. As respostas mal contestadas ou en branco non penalizarán. O tempo para a realización deste exercicio será de 40 minutos.

Segunda parte (máximo 30 puntos).

Consistirá en contestar oralmente, en sesión pública ante o tribunal, un ou varios supostos prácticos prantexados por este e relacionados co temario que se contén no **ANEXO III** das presentes bases en relación coas funcións propias a desenvolver por un ou unha auxiliar do servizo de axuda no fogar.

Terminada a exposición do ou dos supostos, o tribunal poderá abrir un diálogo coa persoa aspirante sobre cuestións relacionadas cos mesmos.

Na corrección e avaliación deste exercicio empregaranse os seguintes criterios polo tribunal: a adecuación das respostas ás funcións dun ou dunha auxiliar do servizo de axuda no fogar (25%); a coherencia e adecuación da intervención ou solución proposta (25%); a actitude profesional e o trato á persoa usuaria (25%), e a comunicación e a expresión (25%).

OITAVA.- CUALIFICACIÓN FINAL E PROPOSTA DE SELECCIÓN.

A cualificación final do proceso virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas dúas partes do exercicio único da fase de oposición.

Unha vez establecida esta, o tribunal cualificador fará pública, no taboleiro de anuncios do Concello e na súa sede electrónica, a relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo, con expresión da puntuación obtida por cada un/unha deles/as.

A orde dos/as aspirantes aprobados/as establecerase de maior a menor puntuación final tendo en conta que en caso de empate, o desempate dirimiranse da seguinte maneira:

1. Atenderase, en primeiro lugar, á maior puntuación obtida na segunda parte do exercicio único.
2. Atenderase, en segundo lugar, á maior puntuación obtida na primeira parte do exercicio único.
3. En terceiro lugar, por sorteo.

O tribunal de selección elevará dita relación, que conterá a proposta de persoa candidata para a formalización do contrato, xunto coa acta do proceso selectivo, á Alcaldía, co obxecto de que esta resolva sobre a proposta. A proposta de persoa candidata para a formalización do contrato en ningún caso poderá exceder do número de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o anteriormente establecido será nula de pleno dereito.

NOVENA.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

A persoa candidata proposta a ser contratada presentará, no prazo de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da proposta de selección na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello, no Rexistro Xeral do Concello ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da LPAC, a seguinte documentación:

- a) Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico que impida o normal exercicio das funcións correspondentes á praza á que se opta.
- b) Declaración xurada de non ter sido separado do servizo ou despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos Órganos Constitucionais ou Estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desenvolvemento de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratara de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía. No caso de nacionais doutros estados, declaración xurada de non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.
- c) Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente a data anterior a formalización do contrato laboral.
- d) Declaración xurada de dispoñer de medios propios para desprazarse aos diferentes domicilios das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar.
- e) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.
- f) Indicación do número de conta bancaria.

Se non se presentara dentro do prazo fixado a documentación esixida nesta base, agás nos casos de forza maior, ou cando do exame da mesma se deducira que algún dos aspirantes carece dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª, a persoa candidata seleccionada e proposta a ser contratada, non poderá selo, e quedarán anuladas

tódalas actuacións con respecto a ela, procedéndose a contratar á persoa que lle siga na lista por orde de puntuación, sen prexuízo da responsabilidade en que incorrera aquel por falsidade na solicitude de participación.

DÉCIMO. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Rematado o proceso selectivo, presentada a documentación polas persoas interesadas, a Alcaldía ditará resolución acordando a formalización do contrato que corresponda segundo a lexislación laboral, ao persoal laboral fixo, a favor da persoa candidata proposta, no prazo máximo dun mes, e se publicará no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Previo a formalización do contrato deberá solicitarse informe de existencia de crédito e de fiscalización previa á Intervención Municipal.

O Decreto acordando a formalización de contrato laboral fixo será susceptible de recurso potestativo de reposición perante a Alcaldía no prazo de un mes a partir do día seguinte ao da publicación, ou ben de recurso contencioso administrativo perante o xulgado do contencioso administrativo, no prazo de dous meses a partir do día da publicación do nomeamento, todo elo de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. No caso de interposición do recurso de reposición, deberase esperar a que este se resolva e notifique, ou ben a que poida ser entendido como desestimado en virtude de silencio. Non obstante o anterior, os interesados poderán presentar calquera outro recurso que estimen procedente en defensa dos seus dereitos e intereses

DÉCIMO PRIMEIRA.- RECURSOS.

As presentes bases e a súa convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido nos artigos 112 e seguintes da LPAC.

Contra as presentes bases poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o órgano que aprobou as bases no prazo de un mes, contado a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, ou ben interpoñer recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, contados igualmente ao día seguinte ao da súa última publicación, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo correspondente, todo elo de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. No caso de interposición do recurso de reposición, deberase esperar a que este se resolva e notifique, ou ben a que poida ser entendido como desestimado en virtude de silencio. Non obstante o anterior, os interesados poderán presentar calquera outro recurso que estimen procedente en defensa dos seus dereitos e intereses

Folgo do Courel, 23 de marzo de 2026.- A alcaldesa – presidenta, Dolores Castro Ochoa.

ANEXO I: SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO

1. DATOS DA PERSOA ASPIRANTE			
Nome e apelidos			
NIF/NIE			
Domicilio			
CP		Municipio	
Provincia		País	
Teléfono		Móbil	
Enderezo electrónico			

2. DATOS DA PERSOA OU ENTIDADE REPRESENTANTE (soamente cubrir en caso de ser preciso)			
Nome e apelidos			
NIF/NIE			
Domicilio			
CP		Municipio	
Provincia		País	
Teléfono		Móbil	
Enderezo electrónico			

3. DATOS A TER EN CONTA A EFECTOS DE NOTIFICACIONES	
☐ Os mesmos que os da persoa ou entidade interesada	☐ Os mesmos que os da persoa ou entidade representante
MEDIO A TRAVÉS DO CAL DESEXA RECIBIR AS NOTIFICACIÓNS	
☐ De forma telemática (solo para os usuarios dados de alta no Sistema de Notificacións Electrónicas do Concello)	
☐ Por correo postal	

4. EXPÓN
Que, vista a convocatoria do proceso selectivo para o acceso a unha praza auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar (OEP 2025)

5. DECLARA RESPONSABLEMENTE

- a) Ter a nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da LEPG, permita o acceso ao emprego público.
- b) Non padecer nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións correspondentes ás prazas convocadas.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non ter sido separado do servizo ou despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos Órganos Constitucionais ou Estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desenvolvemento de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratara de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía. No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.
- e) Ter dispoñibilidade de medios propios para desprazarse aos diferentes domicilios dos usuarios do servizo.
- f) Contar co carné de conducir tipo B.
- g) Posuír a titulación esixida nas presentes bases.
- h) Posuír o coñecemento de lingua galega esixido nas presentes bases.

6. SOLICITA

Ser admitido/a á convocatoria citada, a fin de participar no Proceso selectivo para o acceso a unha praza auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar (OEP 2025)

7. DOCUMENTACIÓN QUE APORTA

- ☐ 1. Copia autenticada ou fotocopia (que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa) do DNI, pasaporte, ou, no caso de persoas aspirantes estranxeiras, dos documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- ☐ 2. Copia autenticada ou fotocopia (que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa) da titulación esixida.
- ☐ 3. Copia autenticada ou fotocopia (que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa) da documentación acreditativa do coñecemento da lingua galega debidamente autenticada.
- ☐ 4. Copia autenticada ou fotocopia (que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa) do carné de conducir tipo B.

8. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS	
Responsable	Concello de Folgoso do Courel
Finalidade	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou non exercicio de poderes públicos conferido ao responsable do tratamento: artigo 55 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro
Lexitimación	A base legal para o tratamento dos seus datos é o cumprimento dunha obrigaón legal regulada na Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública, no R.D. L. 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba a Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e normas análogas
Destinatarios	Non se ceden datos a terceiros, salvo imperativo legal.
Dereitos	De conformidade cos artigos 15 a 22 do Regulamento (UE) 2016/679 do parlamento europeo e do consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas, así como os artigos do 12 ao 18 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os afectados contan cunha serie de dereitos no tratamento dos seus datos persoais, a saber: dereito de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, portabilidade e oposición
Información adicional	Pode consultar información adicional e detallada sobre Protección de Datos na seguinte ligazón: https://www.aepd.es/

En _____, a ____ de _____ de 2026.

A persoa solicitante

ALCALDESA - PRESIDENTA DO CONCELLO DE FOLGOSO DO COUREL

ANEXO II. FUNCIÓNS DAS PRAZAS CONVOCADAS

O cometido funcional destas prazas e a súa extensión describírense no artigo 14 do *Decreto autonómico galego 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais e a súa financiación*.

ANEXO III. TEMARIO

Tema 1.- Breve idea da Constitución Española de 1978. Estrutura. Principios Xerais. Dereitos e Deberes Fundamentais.

Tema 2.- Organización Municipal: Alcalde, Pleno e Xunta de Goberno Local.

Tema 3.- O Municipio de Folgoso do Courel, localización e territorio.

Tema 4.- Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Tema 5.- Orden de 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda a domicilio.

Tema 6.- O Servizo de axuda no fogar. Definición. Obxectivos. Persoas usuarias, profesionais que interveñen. Prestacións e tarefas. Organización.

Tema 7.- Hixiene e atención sanitaria domiciliaria.

Tema 8.- Administración de alimentos a persoas dependentes no domicilio.

Tema 9.- Administración de tratamentos a persoas dependentes no domicilio.

Tema 10.- Atención e apoio psicosocial.

R. 0766

FRIOL*Anuncio*

Polo Pleno do Concello, en sesión extraordinaria celebrada o día 5 de marzo de 2026, prestouse aprobación ao expediente de modificación de créditos número 2/2026, (primeiro de competencia do Pleno), para suplemento de crédito, financiado por transferencias de créditos, dentro do vixente orzamento municipal, (en prórroga o do exercicio 2025) por un importe total de DEZASEIS MIL CINCOCENTOS CATORCE CON DEZ EUROS (16.514,10€).

Cumprindo o disposto no artigo 177.2 en relación co 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, exponse ao público polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría do Concello, co fin de que durante o mesmo (que se contará a partir do seguinte ao da inserción do Edicto no Boletín Oficial da Provincia) poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas, que se deberán dirixir ao Alcalde-Presidente do Concello.

Friol, 26 de marzo de 2026.- O alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 0788

LUGO*Anuncio*

A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión que tivo lugar o o día 18-03-2026, adoptou o seguinte acordo:

"PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o proxecto de urbanización do sector de solo urbanizable delimitado S-16.R, redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Manuel Campo Díaz, e promovido pola Xunta de Compensación, coas determinacións e condicións contidas no informe do xefe de Servizo de Enxeñería, anteriormente transcrito no corpo desta resolución, e na resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, pola que se formula o informe de impacto ambiental.

SEGUNDO.- Someter o proxecto de urbanización a información pública polo prazo dun mes mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e nun dos diarios de maior circulación na provincia, con notificación aos propietarios afectados."

Lugo, 26 de marzo de 2026.- O alcalde, P.D. O Tenente de Alcalde delegado da área de Urbanismo e Deportes e Xuventude (Decreto número 10280/2025), Jorge Bustos Atanasio.

R. 0789

Anuncio

De acordo co disposto no artigo 169.3 do R.d. legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e no artigo 20.3 do RD 500/90, do 20 de abril, unha vez aprobado definitivamente o Orzamento Xeral Municipal do Excmo. Concello de Lugo para o exercicio económico 2026 en sesión ordinaria do Pleno da Corporación, celebrada o día 26 de marzo, procédese á súa publicación resumida por capítulos.

Procédese tamén á publicación do cadro de persoal de acordo co disposto no artigo 127 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO**RESUMO POR CAPÍTULOS****ESTADO DE GASTOS****A) OPERACIÓNS CORRENTES**Capítulos:

1.- Gastos de persoal	38.854.301,65
2.- Gastos en bens correntes e servizos	66.041.837,83
3.- Gastos financeiros	511.145,00
4.- Transferencias correntes	..6.030.583,00
5.- Fondo de Continxencia.....	400.000,00

B) OPERACIÓNS DE CAPITALCapítulos:

6.- Investimentos reais	17.800.176,00
7.- Transferencias de capital.....	..1.648.218,35

C) OPERACIÓNS FINANCIEIRASCapítulos:

8.- Activos financeiros	600.000,00
9.- Pasivos financeiros	00,00

TOTAL ORZAMENTO	131.886.261,91
------------------------------	-----------------------

ESTADO DE INGRESOS**A) OPERACIÓNS CORRENTES**Capítulos:

1.- Impostos Directos	43.783.700,00
2.- Impostos Indirectos	5.668.190,00
3.- Taxas e outros ingresos	26.733.215,43
4.- Transferencias correntes	36.247.677,48
5.- Ingresos Patrimoniais	633.500,00

B) OPERACIÓNS DE CAPITALCapítulos:

6.- Alleamento de investimentos reais	0,00
7.- Transferencias de capital	55.000,00

C) OPERACIÓNS FINANCIEIRASCapítulos:

8.- Activos financeiros	100.000,00
9.- Pasivos financeiros	18.169.979,00

TOTAL ORZAMENTO	131.886.261,91
------------------------------	-----------------------

PLANTILLA ORGÁNICA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO**1.1. PERSOAL FUNCIONARIO****1.1.1. HABILITACIÓN NACIONAL**

DENOMINACIÓN	DOT	ESCALA	SUBESCALA	GRUPO
INTERVENCIÓN - TESOURERÍA	1	H.N.	INT-TES	A1
INTERVENCIÓN-TESOURERIA SUPERIOR	2	H.N.	INT-TES SUP	A1
SECRETARIA INTERVENCIÓN	1	H.N.	S-I	A1
SECRETARIA SUPERIOR	2	H.N.	SECRET. .SUP	A1

1.1.2. ESCALA DE ADMINISTRACIÓN GENERAL

DENOMINACIÓN	DOT	ESCALA	SUBESCALA	GRUPO
ADMINISTRATIVO/A	24	A.X.	ADMTVA	C1
AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	64	A.X.	AUX.	C2
CELADOR/A I.D.	4	A.X.	SUBALT.	AP
CONSERXE	1	A.X.	SUBALT.	C2
ORDENANZA	17	A.X.	SUBALT.	AP
TECNICO/A	21	A.X	TEC.	A1
TECNICO/A MEDIO	21	A.X	XEST.	A2
VICECONSERXE	1	A.X.	SUB.	AP

1.1.3. ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL

DENOMINACIÓN	DOT	ESCALA	SUBESCALA	GRUPO
ALGUACIL NOTIFICADOR/A	1	A.E.	SVS.ESP	AP
ANALISTA DE SISTEMAS/APLICACIONES	1	A.E.	TEC. SUP	A1
ANALISTA-PROGRAMADOR	1	A.E.	TEC.	B
ANALISTA-PROGRAMADOR/A	3	A.E.	TEC.	A2
ANIMADOR/A SOCIOCULTURAL	6	A.E.	TEC.	A2
ARQUEOLOGO/A	1	A.E.	TEC. SUP	A1
ARQUITECTO/A	7	A.E.	TEC. SUP	A1
ARQUITECTO/A TECNICO/A	3	A.E.	TEC.	A2
ARQUIVEIRO/A	1	A.E.	TEC. SUP	A1
AUXILIAR DE BIBLIOTECA	2	A.E.	TEC.	C2
AUXILIAR DE POLICIA	4	A.E.	SVS.ESP	AP
AXENTE DE CONSUMO	1	A.E.	TEC.	C2
AXENTE DE EMPREGO E DESENV. LOCAL	2	A.E.	TEC. SUP	A1
AXENTE DESENGOLO LOCAL	1	A.E.	XEST.	A1
AXENTE DE TRIBUTOS LOCAIS	1	A.E.	TEC.	C1

AXUDANTE/A COCIÑA-LIMPEZA	3	A.E.	SVS.ESP.	AP
AXUDANTE/A XARDINS	1	A.E.	SVS.ESP	C2
BOMBEIRO/A-CONDUTOR/A	51	A.E.	SVS.ESP	C2
CABO BOMBEIRO/A	5	A.E.	SVS.ESP .	C2
CELADOR/A C. P.	8	A.E.	SVS.ESP.	AP
COORDINADOR/A DE DEPORTES	1	A.E.	TEC.	A2
COORDINADOR/A DE PUBLICACIONS	1	A.E.	TEC.	C1
DELINEANTE	6	A.E.	TEC.	B
DIPLOMADO EN EMPRESARIAIS	2	A.E.	XEST.	A2
DIRECTOR/A BANDA DE MUSICA	1	A.E.	TEC. SUP	A1
EDUCADOR/A SOCIAL	6	A.E.	TEC.	A2
ENCARGADO/A (BRIGADA ZONA RURAL)	1	A.E.	SVS. ESP.	C2
ENCARGADO/A DE EDUCACION VIAL	1	A.E.	SVS. ESP	C1
ENCARGADO/A DE MERCADOS	1	A.E.	SVS. ESP	C2
ENCARGADO/A DE PARQUE MOBIL	1	A.E.	SVS. ESP	C1
ENCARGADO/A FOGAR TRANSEUNTE	1	A.E.	SVS. ESP	C2
ENCARGADO/A INSTALACIONS DEPORTIVAS	1	A.E.	TEC.	C2
ENCARGADO/A TALLER DE AUGAS	1	A.E.	SVS. ESP	C2
ENCARGADO/A VIAS E OBRAS	1	A.E.	SVS. ESP.	C2
ENXEÑEIRO/A CAMIÑOS	4	A.E.	TEC. SUP	A1
ENXEÑEIRO/A DE MONTES	1	A.E.	TEC. SUP	A1
ENXEÑEIRO/A INDUSTRIAL	1	A.E.	TEC. SUP	A1
ENXEÑEIRO/A TEC. INDUSTRIAL	2	A.E.	TEC.	A2
ENXEÑEIRO/A TEC. OBRAS PUBLICAS	1	A.E.	TEC.	A2
ENXEÑEIRO/A TEC. TOPOGRAFIA	1	A.E.	TEC.	A2
ENXEÑEIRO/A TECNICO AGRICOLA	2	A.E.	TEC.	A2
FARMACEÚTICO/A	1	A.E.	TEC. SUP	A1
INSPECTOR/A POLICIA	13	A.E.	SVS.ESP	A2
INSPECTOR/A PRINCIPAL	2	A.E.	SVS.ESP	A2
INTENDENTE/A	2	A.E.	SVS.ESP	A1
LICENCIADO/A DEREITO	2	A.E.	TEC. SUP	A1
MEDICO/A	1	A.E.	TEC. SUP	A1
MESTRE/A ELECTRICISTA	3	A.E.	TEC.	C2
MONITOR/A EDUCACION VIAL	1	A.E.	SVS.ESP	C1
MONITOR/A MINORIAS ETNICAS	1	A.E.	SVS.ESP	AP

MUSICO/A	1	A.E	SVS.ESP	C2
MUSICO/A PRIMEIRA PARTE	5	A.E.	SVS.ESP	C2
MUSICO/A SEGUNDA PARTE	3	A.E.	SVS.ESP	C2
MUSICO/A SOLISTA	7	A.E.	SVS.ESP	C2
OFICIAL	1	A.E.	SVS.ESP	C2
OFICIAL ALBANEL	2	A.E.	SVS.ESP	C2
OFICIAL BRIGADA SEÑALIZACION VIARIA	1	A.E.	SVS.ESP	C2
OFICIAL COCIÑEIRO/A	2	A.E.	SVS.ESP	C2
OFICIAL CONDUTOR/A	4	A.E.	SVS.ESP	C2
OFICIAL CONDUTOR/A MECANICO/A	2	A.E.	SVS.ESP	C2
OFICIAL ELECTRICISTA	4	A.E.	TEC.	C2
OFICIAL FONTANEIRO/A	3	A.E.	SVS.ESP	C2
OFICIAL LECTOR/A DE CONTADORES	6	A.E.	SVS.ESP	C2
OFICIAL MAQUINISTA FONTANEIRO/A	3	A.E.	SVS.ESP	C2
OFICIAL NOTIFICADOR/A	2	A.E.	SVS.ESP	C2
OFICIAL PINTOR/A	1	A.E.	SVS.ESP	C2
OFICIAL POLICIA	20	A.E.	SVS.ESP	C1
OFICIAL SEPULTUREIRO/A	4	A.E.	SVS. ESP	C2
OFICIAL TELEFONISTA	1	A.E.	SVS.ESP	C2
OFICIAL TOMA DATOS	1	A.E.	TEC.	C2
OFICIAL VIXIANTE RECADADOR/A	3	A.E.	SVS.ESP	C2
OFICIAL XARDINEIRO/A	2	A.E.	SVS.ESP	C2
OPERARIO/A	9	A.E.	SVS.ESP	AP
OPERARIO/A DE CEMITERIO	1	A.E	SVS.ESP	AP
ORIENTADOR/A LABORAL	1	A.E	TEC. MEDIO	A2
PEDAGOGO/A	1	A.E.	TEC.	A1
POLICIA LOCAL	114	A.E.	SVS.ESP.	C1
PSICOLOGO/A	1	A.E.	TEC. SUP	A1
PSICOPEDAGOGO/A	1	A.E.	TEC. SUP	A1
SARXENTO/A BOMBEIROS	1	A.E.	SVS.ESP	C1
TECNICO SUP. ELECTRICISTA	1	A.E.	TEC.	B
TECNICO/A DE TURISMO	1	A.E.	TEC. SUP	A1
TECNICO/A ASESORAMENTO EMPREENDEDORES/AS	1	A.E.	TEC.	A2
TECNICO/A AUX. ARQUEOLOXIA	1	A.E.	TEC.	C1
TECNICO/A ESPECIALISTA TIC	2	A.E.	TEC.	B

TECNICO/A LIC. EMPRESARIAIS	2	A.E	TEC. SUP	A1
TÉCNICO/A PREVENCIÓN	1	A.E	TEC. SUP	A1
TECNICO/A XARDIN DE INFANCIA	2	A.E.	TEC.	A2
TECNICO/A XARDIN DE INFANCIA	14	A.E.	TEC.	B
TRABALLADOR/A DE FAMILIA	2	A.E.	TEC.	AP
TRABALLADOR/A SOCIAL	18	A.E.	TEC.	A2
TRADUTOR/A	1	A.E.	TEC.	A2
VIXIANTE DE EVACUATORIOS	1	A.E.	SVS.ESP	AP

1.2. LABORAL FIXO

1.2.1. ESCALA DE ADMINISTRACIÓN GENERAL

DENOMINACIÓN	DOT	ESCALA	SUBESCALA	GRUPO
ADMINISTRATIVO/A	1	A.X.	ADMTVA	C1
AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	13	A.X.	AUX.	C2
CELADOR/A I.D.	2	A.X.	SUBALT.	AP
ORDENANZA	1	A.X.	SUBALT.	AP
PEON ESPECIALISTA	1	A.X.	SUBALT.	AP

1.2.2. ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL

DENOMINACIÓN	DOT	ESCALA	SUBESCALA	GRUPO
ANALISTA-PROGRAMADOR/A	1	A.E.	TEC.	A2
ANIMADOR/A SOCIOCULTURAL	2	A.E.	TEC.	A2
AUXILIAR DO FOGAR	1	A.E.	TEC.	AP
AXUDANTE/A	2	A.E.	SVS.ESP	AP
AXUDANTE/A CEMITERIO	1	A.E.	SVS.ESP	AP
AXUDANTE/A COCIÑA-LIMPEZA	1	A.E.	SVS.ESP.	AP
AXUDANTE/A VIXIANTE	1	A.E.	SVS.ESP.	AP
AXUDANTE/A XARDÍNS	1	A.E.	SVS.ESP.	AP
CELADOR/A C. P.	1	A.E.	SVS.ESP.	AP
ENCARGADO/A MONITORES	1	A.E.	TEC.	C1
LIC. XEOGRAFIA E HISTORIA	1	A.E.	TEC.	A1
LIMPADOR/A	1	A.E	SVS.ESP	AP
MUSICO/A PRIMEIRA PARTE	1	A.E.	SVS.ESP	C2
MUSICO/A SEGUNDA PARTE	1	A.E.	SVS.ESP	C2
MUSICO/A SOLISTA	2	A.E.	SVS.ESP	C2
NOTIFICADOR/A	3	A.E.	SVS.ESP	AP
OFICIAL ALBANEL	2	A.E.	SVS.ESP	C2

OFICIAL CARPINTEIRO/A	2	A.E.	SVS.ESP	C2
OFICIAL COCIÑEIRO/A	1	A.E.	SVS.ESP	C2
OFICIAL CONDUTOR/A	1	A.E.	SVS.ESP	C2
OFICIAL CONDUTOR/A MAQUINISTA	3	A.E.	SVS.ESP	C2
OFICIAL CONDUTOR/A PADEXEIRO/A	3	A.E.	SVS.ESP	C2
OFICIAL ELECTRICISTA	2	A.E.	TEC.	C2
OFICIAL MAQUINISTA FONTANEIRO/A	3	A.E.	SVS.ESP	C2
OFICIAL MECANICO/A	1	A.E.	SVS.ESP	C2
OFICIAL NOTIFICADOR/A	1	A.E.	SVS.ESP	C2
OFICIAL XARDINEIRO/A	4	A.E.	SVS.ESP	C2
OPERADOR/A	1	A.E.	TEC.	B
OPERARIO/A	14	A.E.	SVS.ESP	AP
OPERARIO/A CEMITERIO	4	A.E.	SVS.ESP	AP
PEDAGOGO/A	1	A.E.	TEC.	A1
PEON DE OFICIOS	1	A.E.	SVS.ESP	AP
PROGRAMADOR/A	1	A.E.	TEC.	B
PSICOLOGO/A	1	A.E.	TEC.	A1
SOCIOLOGO/A	1	A.E.	TEC.	A1
TRABALLADOR/A DE FAMILIA	2	A.E.	TEC.	AP
TRABALLADOR/A SOCIAL	2	A.E.	TEC.	A2

1.3. PERSOAL EVENTUAL

DENOMINACIÓN	DOT	TITULACIÓN
XEFE/A GABINETE ALCALDIA	1	SUPERIOR
DIRECTOR/A COMUNICACIÓN	3	SUPERIOR
COLABORADOR/A ASESOR/A	10	MEDIO
ASISTENTE/A SECRETARIO/A	6	BACH. SUP.

Lugo, 26 de marzo de 2026.- O EXCMO. ALCALDE PRESIDENTE, Miguel Fernández Méndez.

R. 0790

MONDOÑEDO

Anuncio

O Pleno do Concello en sesión ordinaria realizada o día 26 de marzo de 2026 aprobou inicialmente a modificación de créditos nº 2/2026, de suplemento de crédito nº 2026/02, que será destinado a atender obrigas pendentes de aplicar ao presuposto, recollidas na conta 413, financiado con cargo ao remanente líquido de tesouraría por importe de 36.328,33 euros.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín

Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. Se unha vez transcorrido o devandito prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Mondoñedo, 26 de marzo de 2026.- O alcalde, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 0791

PANTÓN

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO 2026

Logo de quedar definitivamente aprobado polo Pleno deste Concello o orzamento para o exercicio económico de 2026, por non formular alegacións contra o acordo de aprobación inicial adoptado en sesión celebrada o día 26 de Febreiro de 2026, en cumprimento do disposto no artigo 169.3 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, faise público o resumo por capítulos:

ORZAMENTO DE GASTOS		
Capítulo	Descrición	Consignación
	OPERACIÓNS CORRENTES	
1	GASTOS DE PERSOAL	1.401.114,35 €
2	GASTOS EN BENS CORRENTES	1.284.595,93 €
3	GASTOS FINANCEIROS	900,00 €
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	123.704,31
5	FONDO DE CONTINXENCIA E IMPREVISTOS	0,00€
	Subtotal	2.810.314,59€
	OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6	inversións REAIS	401.685,41
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00 €
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00 €
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00€
	Subtotal	401.685,41€
	TOTAL PRESUPOSTO GASTOS	3.212.000,00€

ORZAMENTO DE INGRESOS		
Capitulo	Descrición	Consignación
	OPERACIÓNS CORRENTES	
1	IMPOSTOS DIRECTOS	810.781,26€
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	60.100,00€
3	TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	424.202,58€
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.608.701,15€
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	17.400,00€

	Subtotal	2.921.184,99€
	OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6	ALLEAMENTO DE INVERSIÓNS REAIS	0,00 €
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	290.815,01 €
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00 €
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00€
	Subtotal	290.815,01€
	TOTAL PRESUPUESTO INGRESOS	3.212.000,00€

De acordo co disposto no artigo 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, publícase o cadro de persoal incluído no expediente do Orzamento:

A) PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA

DENOMINACIÓN PRAZA	Nº PRAZAS	GRUPO	NIVEL	ESCALA	SUBESCALA	SITUACIÓN
Secretaría – Intervención	1	1	28	Habilitación Nacional	Secretaría Intervención	ACUMULACIÓN (Agrupación co Concello de Sober)
Auxiliar Administrativo	2	7	16	Administración		PROPIEDAD
Auxiliar Administrativo	2	7	16	Administración		INTERINIDADE
Conserxe Colexio	1	10	13	Administración		PROPIEDAD

B) PERSOAL LABORAL FIXO:

DENOMINACIÓN PRAZA	Nº PRAZAS	GRUPO	SITUACIÓN
Operario de servizos alumeado público	1	10	PROPIEDAD
Peón depuradora de aguas	1	10	PROPIEDAD
Técnica depuradora de aguas	1	1	PROPIEDAD
Chofer camión lixo	1	10	PROPIEDAD
Peón recollida lixo	1	10	PROPIEDAD
Peón alumeado público	1	10	PROPIEDAD
Peón tractor	1	10	PROPIEDAD
Limpadora centro de saúde e casa do concello	1	10	PROPIEDAD
Animador sociocultural	1	7	PROPIEDAD
Auxiliar cultura	2	7	PROPIEDAD
Bibliotecaria	1	10	PROPIEDAD
Axente de emprego e desenvolvemento local	1	1	PROPIEDAD
Auxiliar de axuda no fogar	11	10	PROPIEDAD
Traballadora social	1	2	PROPIEDAD

B) PERSOAL LABORAL TEMPORAL:

DENOMINACIÓN PRAZA	Nº PRAZAS	GRUPO
Traballadora social	1	2
Peón depuradora de augas	1	10
Peón de parques e xardíns	1	10
Auxiliar de axuda no fogar	12	10
Peón de Servizos múltiples (Programa de garantía xuvenil)	1	10
Peón de Servizos múltiples (Subvención Deputación Provincial de Lugo)	1	10
Monitor Deportivo (Subvención Deputación Provincial de Lugo)	1	10

B) PERSOAL LABORAL INDEFINIDO NON FIXO:

DENOMINACIÓN PLAZA	Nº PRAZAS	GRUPO
Educador Social	1	2
Arquitecta	1	1

Pantón, 26 de marzo de 2026.- O alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 0792

O PÁRAMO*Anuncio*

Aprobado por Resolución da Alcaldía de data 18/03/2026, o Padrón de contribuíntes do prezo público do servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrência ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de XANEIRO de 2026, polo importe total de 2.775,10 €.

